

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

- 46** *Real decreto 734/2019, do 20 de decembro, polo que se modifican directrices básicas de planificación de protección civil e plans estatais de protección civil para a mellora da atención ás persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de especial vulnerabilidade ante emerxencias.*

Nunha sociedade en continuo cambio que se desenvolve nun contexto caracterizado pola aparición de novas ameazas e a intensificación de determinados riscos, é importante que as administracións públicas identifiquen aqueles ámbitos de atención prioritaria co fin de ter unha poboación máis forte e preparada. As políticas públicas de protección civil desenvoltas nas últimas décadas axudaron a diminuír o grao de vulnerabilidade da poboación en xeral; porén, cómpre mellorar a atención e a protección daqueles colectivos que polas súas características sociais ou persoais poidan encontrarse nunha situación de especial vulnerabilidade ante catástrofes ou emerxencias.

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas, do 13 de decembro de 2006, relativa ás situacións de risco e emerxencias humanitarias, establece no seu artigo 11 que «os Estados parte adoptarán, en virtude das responsabilidades que lles corresponden conforme o dereito internacional e, en concreto, o dereito internacional humanitario e o dereito internacional dos dereitos humanos, todas as medidas necesarias para garantir a seguridade e a protección das persoas con discapacidade en situacións de risco, incluídas situacións de conflito armado, emerxencias humanitarias e desastres naturais».

En canto á accesibilidade, a citada convención, no seu artigo 9, insta os países a asegurar que as persoas con discapacidade poidan ter acceso na súa contorna aos servizos públicos, á información e ás tecnoloxías da información e das comunicacións. Para isto, os poderes públicos deberán proporcionar a información prevista en formatos e tecnoloxías accesibles, facilitando o uso do braille, a lingua de signos, elementos de accesibilidade cognitiva, tales como lectura fácil, apoios visuais, sistemas pictográficos ou deseño de contorno, e outras formas de comunicación.

Por outra parte, a Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, no seu artigo 12 modificou a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, introducindo, no artigo 1 desta última, a consideración especial das características do grupo social das persoas con discapacidade con respecto á acción permanente dos poderes públicos en materia de protección civil e, no seu artigo 9, a necesidade de incluír, dentro dos plans territoriais e especiais, os criterios que deben rexer os procedementos de actuación dos diferentes servizos de intervención con respecto ás persoas con discapacidade. Estes criterios mantivéronse e reforzáronse na vixente Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.

A redución da vulnerabilidade fronte aos desastres e, en particular, a diminución da vulnerabilidade social e persoal, é un dos aspectos clave acordados no Marco da Senda das Nacións Unidas para avanzar cara ao obxectivo esperado para 2030, co obxecto de lograr unha «redución substancial do risco de desastres e das perdas ocasionadas polos desastres, tanto en vidas, medios de subsistencia e saúde como en bens económicos, físicos, sociais, culturais e ambientais das persoas, as empresas, as comunidades e os países».

A mencionada Lei 17/2015, do 9 de xullo, recoñece na súa parte expositiva a importancia de ter en conta a vulnerabilidade das persoas na nosa sociedade ante as múltiples ameazas de catástrofes naturais, industriais ou tecnolóxicas e, para tal efecto,

establece que as actuacións do sistema se rexerán polos principios de colaboración, cooperación, coordinación, solidariedade interterritorial, subsidiariedade, eficiencia, participación, inclusión e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Por tal motivo, e respecto á protección en caso de catástrofe, a citada lei establece no seu articulado que os poderes públicos velarán para que se adopten medidas específicas que garantan que as persoas con discapacidade coñezan os riscos e as medidas de autoprotección e prevención, sexan atendidas e informadas en casos de emerxencia e participen nos plans de protección civil.

As directrices básicas e os plans de protección civil deberán conter programas de información e comunicación preventiva e de alerta que permitan aos cidadáns adoptar as medidas oportunas para a salvagarda de persoas e bens, facilitar en todo canto sexa posible a rápida actuación dos servizos de intervención e restablecer a normalidade rapidamente despois de calquera emerxencia. Estes programas de información deberán incluír medidas que garantan a accesibilidade universal para as persoas con discapacidade e, na súa difusión, cómpre asegurar a correcta recepción por parte dos colectivos en situación de especial vulnerabilidade.

É necesario que os protocolos de actuación e a formación dos servizos de intervención en emerxencias consideren especificidades dirixidas a asegurar a eficaz protección deste colectivo. Á hora de deseñar e proxectar os protocolos de intervención e prevención ante emerxencias teranse en conta as achegas das organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias.

Por último, cómpre que os exercicios e simulacros para a implantación e mantemento dos plans de protección civil contén, na súa orixe e deseño, coa participación de persoas con discapacidade, co obxecto de adecuar a súa resposta á situación e necesidades destas.

A presente norma adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, do exposto nos parágrafos anteriores, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia. A modificación das directrices básicas de planificación de protección civil comporta a necesidade de adecuar os plans autonómicos e locais ás modificacións introducidas, polo que esta norma é o instrumento máis adecuado para garantir a atención ás persoas con discapacidade e en situación de vulnerabilidade en todas as emerxencias.

O texto é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e en materia de seguridade pública, respectivamente.

O Consello Nacional da Discapacidade, de acordo co disposto no Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o citado consello, así como o Consello Nacional de Protección Civil, órgano colexiado con representatividade de todos os organismos que integran o Sistema nacional de protección civil, conforme o previsto no artigo 13 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, emitiron informe sobre el.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de decembro de 2019,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, aprobada polo Real decreto 387/1996, do 1 de marzo.*

A Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, aprobada polo Real decreto 387/1996, do 1 de marzo, queda modificada como segue:

Un. No punto 3 (Actuacións básicas que hai que considerar nos plans) da epígrafe II (Elementos básicos para a planificación) incorpórase a letra l) coa seguinte redacción:

«l) Ter en conta en todas as súas fases as distintas necesidades das persoas con discapacidade, e outros colectivos en situación de vulnerabilidade establecendo os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Dous. Na epígrafe II incorpórase o punto 7 coa seguinte redacción:

«7. Asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade.

Na planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril deberá terse en conta:

a) Os plans de emerxencia de protección civil deberán contar con protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de información, comunicación, mobilización e actuación dos medios necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz, e establecer medidas e recursos específicos que garantan a accesibilidade universal.

b) Os plans de emerxencia de protección civil deberán conter programas de información preventiva e de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Os ditos programas deberán ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

c) Os distintos servizos de intervención en emerxencias deberán recibir formación específica para atender os ditos colectivos contando coas características e necesidades especiais que poidan presentar».

Tres. No punto 2 (Funcións básicas) da epígrafe III (O plan estatal de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas, o Plan estatal ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril deberá ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Catro. No punto 2 (Funcións básicas) da epígrafe IV (Os plans de comunidades autónomas ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas, os plans das comunidades autónomas ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías

perigosas por estrada e ferrocarril deberán ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

**Artigo segundo.** *Modificación da Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.*

A Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, queda modificada como segue:

Un. No artigo 1 (Fundamentos) incorpórase o número 1.1 bis coa seguinte redacción:

«1.1.bis. Asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade.

Na planificación de protección civil ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas deberá terse en conta:

a) Os plans de emerxencia de protección civil deberán contar con protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de información, comunicación, mobilización e actuación dos medios necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz, e establecer medidas e recursos específicos que garantan a accesibilidade universal.

b) Os plans de emerxencia de protección civil deberán conter programas de información preventiva e de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Os ditos programas deberán ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

c) Os distintos servizos de intervención en emerxencias deberán recibir formación específica para atender os ditos colectivos contando coas características e necesidades especiais que poidan presentar».

Dous. No número 2 (Funcións básicas) do artigo 7 (Os plans de comunidade autónoma. Plans de emerxencia exterior) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as funcións básicas os plans de comunidades autónomas ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas deberán ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Tres. No número 2 (Funcións básicas) do artigo 8 (O plan estatal de protección civil fronte ao risco de accidentes graves en determinados establecementos con substancias perigosas) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas, o Plan estatal ante o risco de accidentes graves en determinados establecementos con substancias perigosas deberá ter en conta as distintas necesidades das persoas con

discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

**Artigo terceiro.** *Modificación do Plan básico de emerxencia nuclear, aprobado polo Real decreto 1546/2004, do 25 de xuño.*

O Plan básico de emerxencia nuclear, aprobado polo Real decreto 1546/2004, do 25 de xuño, queda modificado como segue:

Un. No número 1 (Concepto e obxecto) do título I (Disposicións xerais) o parágrafo actual pasa a ser o subnúmero 1.1 e incorpórase un novo subnúmero 1.2 coa seguinte redacción:

«1.2 Na planificación de protección civil ante emerxencia nuclear deben terse en conta:

a) Os plans de emerxencia de protección civil deberán contar con protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de información, comunicación, mobilización e actuación dos medios necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz, e establecer medidas e recursos específicos que garantan a accesibilidade universal.

b) Os plans de emerxencia de protección civil deberán conter programas de información preventiva e de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Os ditos programas deberán ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

c) Os distintos servizos de intervención en emerxencias deberán recibir formación específica para atender os ditos colectivos contando coas características e necesidades especiais que poden presentar».

Dous. No número 3 (Alcance) do título I incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Os protocolos de actuación, en todas as fases e situacións, recollerán aspectos específicos para garantir a asistencia e seguridade das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

Tres. No número 4 (Formación e capacitación de actuantes) do título IV (Preparación para a resposta en emerxencia nuclear: implantación material efectiva dos plans do nivel de resposta exterior e mantemento da súa eficacia) incorpórase a letra e) coa seguinte redacción:

«e) O coñecemento e preparación práctica necesaria para que poidan atender adecuadamente as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

**Artigo cuarto.** *Modificación da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada polo Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro.*

A Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada polo Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro, queda modificada como segue:

Un. A letra b) do número 4 (Obxectivos da planificación de protección civil fronte a emerxencias radiolóxicas) do título I (Disposicións xerais) queda redactada do seguinte modo:

«b) Evitar ou, como mínimo, reducir no posible os efectos adversos das radiacións ionizantes sobre a poboación e os seus bens, tendo en conta en todas as

súas fases as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Dous. No subnúmero 1.1 (Funcións) do número 1 (Funcións, estrutura e organización dos plans de comunidades autónomas) do título III (Funcións, estrutura e organización) incorpóranse dous últimos parágrafos coa seguinte redacción:

«Prever que os plans de emerxencia de protección civil conteñan programas de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Os ditos programas deberán ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade ou colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

Establecer protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de mobilización e actuación dos recursos necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz».

Tres. A letra b) do número 1 (Programas de implantación e mantemento) do título IV (Implantación e mantemento da eficacia dos plans) queda redactada do seguinte modo:

«b) Formación e capacitación de actuantes: estas actividades terán como obxectivo garantir que as persoas integrantes dos grupos e servizos de intervención alcancen e manteñan un coñecemento adecuado e suficiente sobre as características dos accidentes radiolóxicos, os riscos que comportan e as medidas de protección que deben adoptar; a estrutura organizativa do plan a que se encontran adscritos e das súas responsabilidades, funcións e tarefas específicas, e sobre os medios materiais e recursos que deban utilizar, así como o seu funcionamento e utilización. Así mesmo, estas actividades perseguen o obxectivo de que o persoal alcance e manteña a adecuada preparación e adestramento para o bo desenvolvemento das funcións encomendadas. Os distintos grupos de actuantes en emerxencias radiolóxicas deberán recibir formación específica para atender os colectivos con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, contando coas características e necesidades especiais que poden presentar».

**Artigo quinto.** *Modificación do Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.*

O Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo, queda modificado como segue:

Un. No primeiro parágrafo do número 1.3 (Obxectivo e funcións básicas) incorpórase un inciso final coa seguinte redacción:

«Na organización e procedementos de actuación teranse en conta as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

Dous. No número 5 (Operatividade) incorpórase, antes do subnúmero 5.1, un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Os protocolos de actuación, en todas as fases e situacións, recollerán aspectos específicos para garantir a asistencia e seguridade das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

Tres. No número 6 (Mantemento e implantación do plan) incorpórase, entre os obxectivos do mantemento do plan estatal, un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Realizar accións de formación dirixidas aos compoñentes dos servizos de intervención, para que poidan atender adecuadamente as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

**Artigo sexto.** *Modificación da Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais, aprobada polo Real decreto 893/2013, do 15 de novembro.*

A Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais, aprobada polo Real decreto 893/2013, do 15 de novembro, queda modificada como segue:

Un. No título III (Estrutura xeral e contido mínimo da planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais) incorpórase o número 3.1 bis coa seguinte redacción:

«3.1.bis. Asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade.

Na planificación de protección civil ante o risco por incendios forestais deberá terse en conta o seguinte:

a) Os plans de emerxencia de protección civil deberán contar con protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de mobilización e actuación dos medios necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz, e establecer medidas e recursos específicos que garantan a accesibilidade universal.

b) Os plans de emerxencia de protección civil deberán conter programas de información preventiva e de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Os ditos programas deberán ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

c) Os distintos servizos de intervención en emerxencias deberán recibir formación específica para atender os ditos colectivos contando coas características e necesidades especiais que poden presentar».

Dous. No subnúmero 3.2.2 (Funcións básicas) do título III incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas, o Plan estatal de emerxencia por incendios forestais deberá ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Tres. No subnúmero 3.3.2 (Funcións básicas) do título III incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas os plans de comunidades autónomas de protección civil de emerxencia por incendios forestais deberán ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e

outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

**Artigo sétimo.** *Modificación da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de maremotos, aprobada polo Real decreto 1053/2015, do 20 de novembro.*

A Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de maremotos, aprobada polo Real decreto 1053/2015, do 20 de novembro, queda modificada como segue:

Un. No número 3 (Elementos básicos para a planificación de protección civil ante o risco de maremotos) o último parágrafo queda redactado do seguinte modo:

«En todo caso, os diferentes plans, estatal, autonómico e, se for o caso, municipal, deberán ter en conta en todas as súas fases as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade, e establecer protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Dous. No número 4.2 (Funcións básicas) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas o Plan estatal de protección civil ante o risco de maremotos deberá ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade, e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

Tres. No número 5.2 (Funcións básicas) incorpórase un último parágrafo coa seguinte redacción:

«No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas os plans de comunidades autónomas de protección civil ante o risco de maremotos deberán ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade».

**Artigo oitavo.** *Modificación do Plan estatal de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobado polo Real decreto 1054/2015, do 20 de novembro.*

O Plan estatal de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobado polo Real decreto 1054/2015, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. No primeiro parágrafo do número 1.3 (Obxectivo e funcións básicas) incorpórase un inciso final coa seguinte redacción:

«Na organización e procedementos de actuación teranse en conta as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

Dous. No número 5 (Operatividade) incorpórase, antes do subnúmero 5.1, un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Os protocolos de actuación, en todas as fases e situacións, recollerán aspectos específicos para garantir a asistencia e seguridade das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».



Tres. No número 6 (Mantemento e implantación do plan) incorpórase, entre os obxectivos do mantemento do plan estatal, un último parágrafo coa seguinte redacción:

«Realizar accións de formación dirixidas aos compoñentes dos servizos de intervención para que poidan atender adecuadamente as necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade».

**Disposición adicional primeira.** *Protocolos de comunicación ante situacións de risco e emerxencia nacional.*

O Goberno, en colaboración coas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, garantirá que os protocolos de comunicación que se apliquen ante situacións de risco e emerxencia nacional recollan as necesidades derivadas do principio de accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

**Disposición adicional segunda.** *Accesibilidade universal aos servizos de emerxencia.*

De acordo co disposto no artigo 3.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, os poderes públicos, en colaboración coas organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, garantirán a accesibilidade universal aos servizos de emerxencia e, en particular, ao número telefónico 112, como número único de acceso aos servizos de atención de emerxencias en todo o territorio nacional.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1ª e 29ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e en materia de seguridade pública, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación normativa e de desenvolvemento.*

As persoas titulares dos ministerios do Interior e de Sanidade, Consumo e Benestar Social poderán ditar as disposicións oportunas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de decembro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Igualdade  
CARMEN CALVO POYATO